



25
anos de
Entroido
en Tui

Desfile de comparsas e grupos
Martes, 21 de febreiro ás 18.00h.

As rúas novas da cidade convértese nun circuito especial onde a sátira e o humor son protagonistas. A imaxinación desborda en disfraces, comparsas e carrozas, nun desfile de Entroido referente na comarca. Grandes premios nos que o público ten moito que dicir, porque eles son tamén parte do xurado.

Enterro do Bacallau
Domingo, 26 de febreiro ás 19.30h.

Prantos e coplas para despedir a tola festa do Entroido. Toda a algarabía remata coa despedida ao bacallau. O punto de partida está na Praza de San Fernando, para achegarse ata o Paseo da Corredoira onde se dará lectura ao testamento, e a incineración celebrárase na traseira de Área Panorámica. Miles de persoas gozarán de novo deste tempo festivo.



Do 21 ao 25 de marzo no Teatro Municipal

Como cada mes de marzo, Tui convértese nun lugar imprescindible para os amantes do cine independente. Play-Doc é xa, sen dúbida, unha das referencias do documental en España, entre outras cousas grazas a súa aposta decidida por un cinema de calidade e de difícil acceso. Unha coidada selección de películas preséntase cada ano

no festival, amosando os camiños polos que discorre o cinema documental de hoxe en día en todo o mundo e tamén amplas retrospectivas dedicadas a cineastas mundialmente recoñecidos, moitas delas ofrecidas por primeira vez no noso país. Os miles de espectadores que recibe Play-Doc ano tras ano tamén poderán gozar de novo das actividades paralelas ao festival como son as exposicións, os obradoiros e sobre todo os grandes concertos a cargo de artistas internacionais, todos eles protagonistas das películas presentadas.



Festas de San Telmo
Do 7 ao 16 de abril

Pedro González Telmo é o patrón de Tui. Na súa honra celébranse os principais festexos do municipio nos que tudenses e foráneos comparten actividades diversas de eido cultural, deportivo, de lecer, social... Mención especial no programa merece a lectura do pregón; que este ano correrá a cargo de Manuel Garrido, triplo Campión do Mundo en C1 sub 23, e a solemne procesión que o Luns de San Telmo pecha unha semana de actos.

Declaradas de Interese Turístico Galego.
Organiza: Concello de Tui



XVI Feira de Artesanía

Rúa Ordóñez (Paralela ao Paseo da Corredoira)
Tui convértese nun mercado de produtos artesanais feitos coa sabedoría herdada de xeración en xeración. Mansabías que tecen o liño, que dan forma ao barro, que entrelazan vimbios para crear cestas, que transforman metais en fermosas pezas de artesanía,... de fondo o son dos bolillos que se moven para crear delicadas puntillas.

Sábado 5 de maio

12:00h. Grupo Folclórico Inquedanzas de Pazos de Reis
18:00h. Grupo Folclórico O Mosteiro de Pexegueiro
20:00h. Grupo Folclórico Xuntanza de Randufe

Domingo 6 de maio

12:00h. Grupo Folclórico San Fins de Rebordáns
18:00h. Grupo Folclórico Santa Columba de Ribadelouro
20:00h. Grupo Folclórico Seixos Albos de Areas

XV Feira do Libro

Dedicada a Valentín Paz Andrade

Aventuras, cocina, poesía, literatura, viaxes, banda deseñada... son algúns contidos dos libros que co gallo do Día das Letras Galegas van encher a vintena de postos das librerías tudenses e valencianas que protagonizan a consolidada Feira do Libro Galego. Unha cita na que estarán presentes os autores locais xunto a clásicos e contemporáneos das nosas letras.

Xoves 17 de maio

Paseo da Corredoira
12:00h. Grupo de Gaitas Val de Flores de Baldráns
18:00h. Grupo de Pandereteiras de Caldeas
20:00h. Grupo de Gaitas Lembranzas da Terra de Guillarei

20 postos de exposición e venda de libros galegos e portugueses das librerías tudenses Iris e Valverde e de librerías de Valencia

Sala Municipal de Exposicións

Area Panorámica. Rúa Colón nº2

2 - 15 xaneiro: "Aula de Pintura da Asociación de Amas de Casa de Tui".

27 xaneiro - 18 febreiro: maquetas e manualidades de Antonio Álvarez Rodríguez.

24 febreiro - 28 marzo: "En terra de ningún" exposición colectiva: Iago Eireos, Marián Fernández, Pilar Ganoso, Uxía Piñeiro e Santi Vega.

7 - 20 de abril: "Fitui 2012, exposición filatélica e de coleccionismo conmemorativa do 50 aniversario do Grupo Filatélico de Tui"

27 abril - 26 de maio: "Plumillas" de Severino Argüelles del Gallego e "Cerámicas" de Emilia Rosende e José Vázquez Trigo.

1-15 de xuño: "Exposición dos cursos da Asociación de Amas de Casa de Tui"

Anexo Sala Municipal de Exposicións

Xaneiro: "Entre moléculas. Ano Internacional da Química 2011" exposición realizada polo Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC).

19 marzo - 4 abril: Francisco Sánchez, médico e filósofo tudense. Organiza Concellería de Cultura do Concello de Tui.

7 - 21 abril: exposición concurso cartéis das Festas de San Telmo

Biblioteca pública municipal

Area Panorámica. Rúa Colón nº2

10 xaneiro: Club de Lectura. Retoma o curso, reunión quincenal os martes ás 20 h.

2 abril: "Tui le, os libros na Praza de San Fernando". Organiza Biblioteca Municipal e bibliotecas escolares do Concello.

Mes do libros

23 abril (Día do Libro) - 17 maio (Día das Letras Galegas). Consultar programación específica

CXXI Aniversario dos Xogos Florais de Galicia

23 xuño ás 22 h.: Banquete dos Xogos (o mesmo menú que no ano 1891). Parador de Turismo "San Telmo" de Tui.

24 xuño ás 20 h.: Recital poético na Igrexa de San Domingos.